



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE XULLO DE 2015, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO: Aprobación, se procede, da modificación do proxecto da obra de Ampliación da rede de sumidoiros en San Xián de Sales e San Fins de Sales (Código 15.2100.0224.0), incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015)

Por parte da Presidencia expónse que cando se comezou coas obras xurdiu un problema no tramo de Nande, había que afondar moito máis do que estaba previsto no proxecto para que a obra funcionase e os veciños puidesen conectarse á rede. Di que dende o primeiro momento se estivo en contacto coa Deputación Provincial para arranxalo e por iso se trae hoxe a este pleno extraordinario a modificación do proxecto orixinal.

De seguido dáse conta da seguinte proposta:

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o dezanove de novembro do ano pasado acordou aprobar o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015) no que se incluía a obra de *Ampliación da rede de saneamento en San Xián de Sales e San Fins de Sales (Código 15.2100.0224.0)*, de acordo co seguinte cadro de financiamento:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
97.503,47	58.102,07	39.401,4

Logo da aprobación do Plan por parte da Deputación Provincial, con data 16/04/2015 por Resolución da Alcaldía núm. 170/15, á vista da proposta da Mesa de Contratación adxudicóuselle a obra á empresa Excavaciones Midón, S.L no prezo de cincuenta mil seiscientos oitenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (#50.685,68#) máis dez mil seiscientos corenta e tres euros con noventa e nove céntimos (#10.643,99#) de IVE, que supón unha baixa de trinta e seis mil cento setenta e tres euros con oitenta céntimos (#36.173,80#) sobre do tipo.

Despois da sinatura da acta de reformulación da obra e durante a súa execución atopáronse diferenzas no tramo de Nande debido ao tipo de terreo, ás necesidades de prolongar a rede ante a imposibilidade de facer a acometida no pozo previsto, e que toda a rede teña que ir a máis profundidade do que estaba proxectado, incrementando o custo da obra.

En función do establecido na base 34 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas en plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 25/05/2012 (BOP núm. 103/12, do 1 de xuño), propónse:

Primeiro.- Aprobar o proxecto *Reformado da ampliación da rede de sumidoiros en San Fins de Sales e San Xián de Sales*, cuxo orzamento ascende á cantidade de cento sete mil cento cincuenta e nove euros con oitenta e seis céntimos (#107.159,86#)

Segundo.- Remitir o proxecto á Deputación Provincial para a súa aprobación, de acordo co seguinte cadro de financiamento:

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
Reformado de ampliación da rede de sumidoiros en San Fins de Sales e San Xián de Sales	58.102,07	49.057,79	107.159,86

Terceiro.- Delegar na Xunta de Goberno os trámites sucesivos do expediente de modificación da citada obra.

De seguido o Sr. Secretario dá conta do informe técnico emitido pola aparelladora municipal, directora das obras, sobre das diferenzas atopadas no tramo de Nande que obrigaron a modificar o proxecto da obra, e tamén da limitación do 10% no incremento do importe do proxecto, establecida no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que descoñecía ese dato facilitado polo Sr. Secretario, contestándolle este que se se superase o 10% do importe teríase que facer un reformado do proxecto, que sería unha complicación maior.

A Presidencia sinala que, como xa dixo, estívose sempre en contacto coa Deputación e a saída máis favorable para todos, é que o exceso de obra que supere ese 10% se acometa cun proxecto propio do concello.

Dona Beatriz Amenal di que consultaron o proxecto e fálalle un estudo topográfico do terreo, polo que non se fixo un perfil lonxitudinal, e ao non facerse atopámonos con este problema agora, recordando unhas palabras do Sr. Alcalde nunha das xuntanzas que mantivo cos veciños “imos ser exquisitos nas obras de saneamento porque non queremos atoparnos con problemas, porque noutras fases ao mellor xurdiron outro tipo de problemas”, e que nesta obra non existiu esa exquisitez, debido ao mellor ás présas, ás eleccións, solicitando que dende agora se faga sempre neste tipo de obras un perfil lonxitudinal do terreo e un estudo topográfico, porque sempre se facía e non entende porque non existiu nesta obra, e agora as consecuencias páganas os veciños, que persoalmente xa lle chegaron queixas polo tempo que leva cortada a estrada, por iso o seu grupo fixo unha pregunta relacionada coa obra no pleno anterior.

Pregunta tamén se tiveron sesión de Xunta de Goberno nestes días e se aprobaron o proxecto da ampliación que se fixo, posto que a obra inicialmente era de 97.000 euros e a día de hoxe descoñecen o importe total ao que ascende, máxime tendo en conta o exposto polo Sr. Secretario de que a modificación do proxecto non pode superar o límite do 10% do importe inicial, e segundo os datos, parece que pode superar incluso o 50%. Como isto nunca acontecera en Vedra nos últimos anos, o seu grupo vaise abster na votación, recalcando que de agora en diante se faga sempre neste tipo de obras un estudo topográfico do terreo.

O Sr. Pose do BNG di que no concello temos no departamento de urbanismo unha aparelladora e un arquitecto, cualificados para levantar os niveis e o itinerario de 300 metros, polo que espera que cando lle fagan caso á solicitude do PSdG-PSOE non contraten unha empresa externa; e tamén espera que este pleno non se indemnice, porque por encima cargarlle aos veciños os 1000 euros das asistencias ao pleno por culpa dun erro dun técnico do concello, non é de recibo.

Di que, efectivamente, a Lei de contratos establece o límite do 10% na modificación dos proxectos, que co acordo de hoxe xa está cuberto, solicitándolle que revisen inmediatamente o que falta por executar do proxecto por se puidesen aparecer máis erros, posto que o seguinte xa non sería unha modificación, senón un reformado do proxecto e teríanse que paralizar as obras.

A Presidencia, en relación ao exposto polo PSdG-PSOE, sinala que cando teña todos os datos que contestará sen ningún problema, e polo que respecta ao BNG di que se está a controlar o tema, tanto por parte de Secretaría como por parte da Deputación, para que todo se faga conforme á lei nas distintas solucións que a lei permite e neste caso falado coa Deputación.

Di tamén que o PSdG-PSOE falaba dun erro, dun fallo, e que o erro sería que a obra despois de executada non funcionase, isto si que sería grave, e que descoñece se



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



nas anteriores lexislaturas non gobernadas polo PP se facía o estudo topográfico, que o comprobará, e que en calquera caso asume o erro e aprendendo del, a partires de agora, en calquera obra de sumidoiros se fará o estudo topográfico e o perfil lonxitudinal, e recollendo a proposta do BNG se se pode farase con medios propios para aforrarlle cartos aos veciños.

Sinala ademais que é certo que algúns veciños se queixan por estar a estrada cortada, non obstante, no seu momento foi polas casas explicando a situación e pedindo desculpas polas molestias que se causaron e seguen causando nestas datas, pero a maior queixa que pode formular un veciño é que, como cando se fixeron outras obras de sumidoiros, que por non ter afondado máis, a metade das vivendas non se poidan conectar á rede, e isto si é unha queixa irreversible.

En canto ao custo das obras ao final se se fixese o estudo topográfico antes de redactar o proxecto, xa coñeceríamos nese momento o seu importe real, polo tanto non se aforraría nada, e dende logo cando estea totalmente rematada, darase conta dos datos concretos que preguntou o PSdG-PSOE.

Posta a votación a citada proposta o Pleno con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar a mesma.

O Sr. Pose quere engadir que un erro dun profesional como este no mundo da empresa privada custaríalle o traballo á empresa e o posto ao traballador na empresa.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.